

---

# O NACEMENTO DO DRAGÓN

Historia, caligrafía e selos de WANG FEI

Textos de MARIE SELLIER

Ilustracións de CATHERINE LOUIS

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

---

Encadernado en cartón. 30 x 15 cm. 40 páx. 15 €.

**O nacemento do dragón** (galego)

ISBN 978-84-96957-53-4. Faktoría K de Libros. Infantil.

**El nacimiento del dragón** (castelán)

ISBN 978-84-96957-54-1. Faktoría K de Libros. Infantil.

*Antano, hai xa moito tempo,  
nos días en que non existían os dragóns,  
os homes, as mulleres e os nenos da China  
cazaban, pescaban e vivían en tribos  
baixo a protección de espíritos benévolos...*

Mentras en Europa o dragón é un animal misterioso e de reminiscencias diabólicas, en Asia é sinónimo de paz. Esta obra bilingüe galego-chinés mandarín, que conxuga literatura, caligrafía e ilustración, conta a orixe desta criatura mítica, creada en tempo inmemorial polos nenos e nenas das diversas tribos chinesas. Os adultos, que veneraban os animais sagrados, tamén facían a guerra no seu nome.

...Ata que os nenos decidiron crear un animal que os arredara desa espiral bélica: co corpo da serpe silandeira e astuta admirada polos habitantes da meseta, coa cabeza do cabalo veloz coma o vento que protexía os xinetes, coas escamas do peixe escintilante honrado polos pescadores da beiramar, cos cornos do búfalo forte e traballador ao que enalzaban os campesiños dos arrozais, e coas patas do paxaro libre e cazador louvado polos montañeses, xurdiu un ser híbrido co que cada Aninovo chinés se festexa a paz e a ledicia.

O libro complétase cun mural despregable no que se explica a técnica dos ideogramas e da escritura chinesa; no asesoramento colaborou a profesora Claudia Berger, responsable de ensino de chinés moderno na Universidade de Xenebra. Ademais, na elaboración deste volume utilizouse papel obtido de bosques xestionados de maneira responsable, certificados de acordo coas normas do Forest Stewardship Council.



- **Temática:** lenda sobre a orixe do dragón.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** libro bilingüe galego-chinés mandarín; realizado con papel procedente de bosques sostibles; simbolismo, cultura chinesa; paz, convivencia entre pobos distintos.

Wang Fei criouse na China e aprendeu os segredos da caligrafía. Segundo a súa filosofía vital, “o presente vén do pasado e o porvir”, por iso se adica a buscar “o camiño entre os dous”. A xornalista francesa Marie Sellier especializouse en Arte, temática sobre a que publicou numerosos libros. A ilustradora Catherine Louis vive en Suíza, pero é unha grande admiradora da paisaxe e da cultura chinesa.

